

Ritmo feraz

Hai unha constante na poesía de Xosé Carlos Gómez Alfaro (Ribadavia, 1949) que atravesa toda a súa dilatada produción e que convén remarcar máis unha vez: a súa impetuosa musicalidade, o seu ritmo feraz, a súa feroz onda expansiva. Porque detrás do ímpeto da súa música racional débúxase un mar de plural significación. Por un lado, lugar de traballo e esforzo comunal; por outro, concerto orfeico ofrecido a deuses misteriosos. A Eros, que goberna o corazón, a Tánatos, que nos lembra que detrás de todo nome aniña a sombra

dun sepulcro, o escuro pozo do vacío. Mais tamén unha ansia de transcendencia guiada

Territorios oceánicos



ROMÁN RAÑA

pola paixón, que trata de pór orde ao caos dos sentidos, que dá sentido e coherencia a toda a maresía, a todo o territorio oceánico que nos circunda e devora. De todo isto hai en *Mar aberto*, que acaba de chegar ás nosas mans e que obtivo o XXII premio de poesía Cidade de Ourense.

Cómpre informar ao lector que o presente poemario hospeda cuarenta e tres composicións, case todas elas sonetos, precedidas por un prólogo de Luís González Tosar. Tamén é necesario indicar que case todos os sonetos teñen unha rima asonante e non obedecen, portanto, a preceptos canónicos. Mesmo nalgúns casos aparecen versos de arte menor combinados

con outros de arte maior. A algúns poetas de nova pluma o soneto resúltalles unha forma xa caduca. Para os que amamos o poder da súa música, non nos cansa percorrer a marabillosa melodía que atesoura, cando está tan ben medida como a de Xosé Carlos Gómez Alfaro, que clama con voz trémula pola inocencia do home e contra a perversidade do destino. Así podemos lelo no primeiro soneto, onde o escritor busca desesperadamente os límites sagrados da existencia: “Atrás, atrás, mil ondas a bramar/(mil silencios, mil harpas, mil suturas)/nun mar que vivifica e mais gangrena./Agora é tempo xa de descansar/ de tantas e tan arduas singraduras/á busca sempre, sempre, da alba plena.”

Contra a morte do corpo, contra a fin da existencia, hai unha voz que o di todo, que no silencio expresa o desexo de durar, como resposta que religa a carne á nosa alma.

GÓMEZ ALFARO, Xosé Carlos, *Mar aberto*, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2007, 60 páxinas

